



CONCELLOS

GUITIRIZ

Anuncio

Aprobado por Decreto de Alcaldía o Padrón fiscal do servizo de Centro de Día correspondente ao mes de febreiro de 2020, que comprende un total de 14 recibos por un importe de 2.643,22 euros.

O Padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobado no caso de que non se produzan reclamacións contra o mesmo.

Contra o acordo de aprobación do correspondente Padrón, poderá interpoñerse con carácter perceptivo recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado dende o día inmediato seguinte ó do remate da exposición pública do correspondente Padrón.

A cobranza en período voluntario das taxas do padrón do servizo de Centro de Día correspondentes ao mes de febreiro de 2020, terá lugar dende o día 10/03/2020 ao 10/05/2020 (ambos incluídos). Os recibos que figuran domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuíntes.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Guitiriz, 12 de marzo de 2020.- A Alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 0744

PEDRAFITA DO CEBREIRO

Anuncio

O pleno do Concello de Pedrafita do Cebreiro, en sesión ordinaria celebrada en data 12 de marzo de 2020, aprobou inicialmente o expediente de crédito extraordinario nº1/CE/2020, Modificación orzamentaria nº3/2020, o que de conformidade co establecido no artigo 177, en relación do 169 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, exponse ó público por prazo de quince días, durante os cales, os interesados poderán examinalos e presentar as reclamacións ante o pleno.

Pedrafita do Cebreiro, 13 de abril de 2020.- O alcalde, José Luís Raposo Magdalena.

R. 0745

Anuncio

O pleno do Concello de Pedrafita do Cebreiro, en sesión ordinaria celebrada en data 12 de marzo de 2020, aprobou inicialmente o expediente de crédito extraordinario nº 2/CE/2020, Modificación orzamentaria nº4/2020, o que de conformidade co establecido no artigo 177, en relación do 169 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, exponse ó público por prazo de quince días, durante os cales, os interesados poderán examinalos e presentar as reclamacións ante o pleno.

Pedrafita do Cebreiro, 15 de abril de 2020.- O alcalde, José Luís Raposo Magdalena.

R. 0746

Anuncio

MODIFICACIÓN DAS BASES DO ORZAMENTO DO CONCELLO DE PEDRAFITA DO CEBREIRO. ANO 2020

Na sesión extraordinaria celebrada polo Pleno o día 12 de marzo de 2020 aprobouse inicialmente a modificación das Bases de Execución do Concello de Pedrafita do Cebreiro con posterioridade á aprobación do orzamento 2.020, o que de conformidade co establecido no artigo 126.3 do Real Decreto Lexilativo 781/1986 , expónse ó público por prazo de quince días, durante os cales, os interesados poderán examinalos e presentar as reclamacións e suxerencias que estimen oportunas ante o pleno.

Pedrafita do Cebreiro, 15 de abril de 2020.- O alcalde, José Luís Raposo Magdalena.

R. 0747
